



# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL CURSO 2019/2020

## Índice:

1. Introducción
2. Obxectivos
3. Destinatarios
4. Actividades
  - 4.1. Servizo de Madrugadores
  - 4.2. Actividades extraescolares
  - 4.3. Convivencias
  - 4.4. Semana da familia
  - 4.5. Acollida estival
  - 4.6. Andaina
  - 4.7. Festa de fin de curso
  - 4.8. Pazolandia
  - 4.9. Carreira do San Martiño
  - 4.10. Entroido
  - 4.11. Outras
5. Proxectos
  - 5.1. Proxecto Horta Escolar
  - 5.2. Proxecto mellora dos patios
  - 5.3. Proxecto para promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.
6. Consulta e participación
7. Espazos e recursos
8. Seguro Complementario de Accidentes

ANEXO: Orzamento 2019/2020

## **1. INTRODUCCIÓN:**

Con este documento preséntase a proposta de actuacións da ANPA do CEIP Plurilingüe de Seixalbo para o curso 2019/2020.

Con este proxecto preténdese contribuír á mellora da convivencia escolar, facilitar a conciliación familiar e complementar a formación do alumnado, entre outros.

## **2. OBXECTIVOS**

Os obxectivos que se pretenden acadar con esta programación anual son os seguintes:

- velar porque os alumnos e alumnas do centro reciban unha educación de calidade, que lles permita desenvolverse como persoas adultas no futuro, e colaborar coa labor educativa do centro
- velar porque as instalacións do centro proporcionen un marco seguro, saudable e agradable para a convivencia e a aprendizaxe
- contribuír á conciliación da vida familiar e laboral das familias
- optimizar o uso e rendibilidade socio-educativa das instalacións do centro
- proxectar a vida escolar no entorno promovendo a participación en actividades que se organicen de carácter externo ó centro escolar
- completar a formación dos alumnos e alumnas mediante a oferta de actividades lúdicas, educativas, artísticas e deportivas
- colaborar co centro educativo en calquera actividade que xurda ao longo do curso escolar
- fomentar a participación das familias na comunidade escolar

## **3. DESTINATARIOS**

As actuacións da ANPA están destinadas a:

- alumnado matriculado no centro e en escolas unitarias adscritas
- familias do centro
- comunidade educativa en xeral
- socios da ANPA
- no caso do proxecto do campamento de verán, as actividades están abertas a alumnado doutros centros de ensino

## **4. ACTIVIDADES**

### **4.1. SERVIZO DE MADRUGADORES**

O servizo de madrugadores está dispoñible dende o primeiro día lectivo do curso 2019/2020. Este servizo é xestionado por Lúcete Lecer. O horario de atención é de 7,30 da mañá ata a hora de entrada ás aulas.

Os prezos varían en función das horas necesarias é son os seguintes:

SERVIZO DESDE AS 7,30	DIARIO	ESPORÁDICO
SOCIOS ANPA	44 €/mes	4 €/dia
NON-SOCIOS ANPA	48 €/mes	4,5 €/dia
SERVIZO DESDE AS 8,30	DIARIO	ESPORÁDICO
SOCIOS ANPA	26 €/mes	3 €/dia
NON-SOCIOS ANPA	30 €/mes	3,5 €/dia

Este servizo está a disposición de todos/as os/as alumnos/as que o precisen, podendo usalo en calquera momento do curso escolar.

#### **4.2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

As actividades ofertadas para este curso escolar son as seguintes:

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>EMPRESA</b>	<b>IDADE ACONSELLADA</b>
Zumba-baile moderno	Mouxion	+6 anos
Patinaxe	Mouxion	+6 anos
Chiquirritmo	Mouxion	De 3 a 6 anos
Fútbol-sala	Mouxion	+4 anos
Taekwondo	Mouxion	+5 anos
Play english	Lúcete Lecer	De 3 a 6 anos
A maxia das ciencias	Lúcete Lecer	+6 anos
Teatro	Lúcete Lecer	+6 anos
Voleibol	Clube Burgas voleibol	+6 anos
Minichef	Marga Montes	Todas
Arts&Crafts	Marga Montes	Todas
Trinity Stars	Educa3	De 3 a 6 anos
Trinity Gese	Educa3	+6 anos
Educatech	Educa3	+6 anos
Robótica	Nenoos	+6 anos
Basket&English	Willie Ladson	+6 anos
Xadrez	Clube Xadrez Ourense	+6 anos

Ó remate do período de inscrición houbo que adoptar as seguintes accións:

- Cancelar xadrez, basket & english, robótica, educatech, play-english, a maxia das ciencias, mini-chef, trinity stars e arts & crafts por non acadar o número mínimo de

usuarios esixido polas diferentes empresas.

A programación semanal das actividades confirmadas queda como segue:

Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
15:45-16:45	Patinaxe	Trinity Gese	Teatro	Trinity Gese	
		Chiquiritmo			
		Zumba-baile			
16:45-17:45	Fútbol-sala	Taekwondo			

Durante o último trimestre do curso proporase unha valoración das actividades ofertadas co fin de adaptalas ás preferencias/necesidades das familias.

#### **4.3. CONVIVENCIAS**

- Durante o presente curso propóranse de forma periódica xornadas de convivencia en familia tales como roteiros, clases colectivas, escola de familias, etc, en función da climatoloxía e da oferta dispoñible.
- As empresas que desenvolven as actividades extraescolares tamén organizan convivencias destinadas aos seus usuarios e familias.

#### **4.4. SEMANA DA FAMILIA**

- Semana de actividades para toda a familia e para todas as idades co fin de aumentar a participación e a integración das familias no centro. Está previsto organizala no terceiro trimestre do curso escolar.

#### **4.5. ACOLLIDA ESTIVAL**

- Para o verán 2020 está previsto repetir o proxecto de Campamento de Verán, segundo o cal o centro permanecerá aberto durante as semanas que se desenvolva o campamento, e organizaranse actividades lúdicas e educativas para todos aqueles alumnos de infantil e primaria de centros de Ourense que o precisen, previa inscrición.

#### **4.6. ANDAINA**

- Co fin de promover a convivencia de toda a comunidade educativa organizarase alomenos unha andaina, prevista preferente durante o terceiro trimestre do curso.

#### **4.7. FESTA DE FIN DE CURSO**

- Para este curso vaise propoñer unha festa de fin de curso que integre a toda a comunidade escolar, con actividades programadas, exhibicións do traballo feito nas actividades extraescolares, talleres, etc.
- A festa desenvolverase en horario lectivo para que todo o alumnado do centro poida asistir, participar e desfrutar da festa.

#### **4.8 PAZOLANDIA**

- En condicións similares as do curso pasado, convidarase aos nenos e nenas das familias asociadas a asistir a Pazolandia na primeira semana do mes de xaneiro na sesión da mañá.

#### **4.9 CARREIRA DO SAN MARTIÑO**

- Durante este curso proporase participar como equipo na Carreira do San Martiño que se celebra no mes de Novembro. A inscrición nas distintas categorías rexerese segundo as bases que publique a organización do evento.

#### **4.10 ENTROIDO**

- Co fin de fomentar a convivencia de toda a comunidade educativa proporase participar no desfile do martes de Entroido na vila de Seixalbo.
- Para o alumnado do centro tratarase de reutilizar os disfraces que fagan no colexio para o Entroido.

#### **4.11 OUTRAS**

- Ofertaranse actividades para adultos segundo demanda, así como actividades puntuais tales como contacontos, actuacións musicais, excursións, etc en datas sinaladas e en función da dispoñibilidade.

### **5. PROXECTOS**

#### **5.1 PROXECTO HORTA ESCOLAR**

- O obxectivo é aumentar o tempo de utilización da horta escolar, xa que actualmente se limita ós meses de abril, maio e xuño, plantexando cultivos alternativos ou a posibilidade de dispoñer dun pequeno invernadoiro. Este curso proporase integrar a horta na Rede de Hortas Escolares Ecolóxicas.

## **5.2 PROXECTO MELLORA DOS PATIOS**

- O obxectivo é humanizar os patios proporcionando espazos alternativos de xogo que permitan a convivencia e o xogo libre e igualitario, ademais da mellora da seguridade dos diferentes espazos e o aumento de zonas verdes.

## **5.3 PROXECTO PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicou a orde do 20 de maio do 2019 da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se estableceron as bases reguladoras para axudas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e da prevención da violencia de xénero para asociacións de pais e nais do alumnado dos centros educativos de Galicia.
- O proxecto seleccionado pola ANPA para a solicitude da axuda foi o proposto pola cooperativa Xeracción, que consta das seguintes partes:
  - xornada de apertura e presentación dirixida a toda a comunidade educativa
  - escola de familia que consta de 6 sesións para adultos, abertas a toda a comunidade educativa, e gratuítas para familias asociadas.
  - obradoiros para o alumnado, tanto de infantil como primaria separados por ciclos.
  - O 25 de novembro realizaranse diferentes actos para conmemorar o Día internacional da Non Violencia de Xénero
- O proxecto desenvolverase durante os meses de outubro e novembro, xa que é requisito da subvención que todas as actividades estén executadas a 30 de novembro.
- As datas acordadas co centro educativo pra poder realizar os obradoiros son as seguintes:
  - xornada de apertura o venres 4 de outubro as 18.30
  - escola de familia:
    - outubro: 10, 17 e 24
    - novembro: 7, 14 e 21
  - obradoiros para o alumnado:
    - os obradoiros para o alumnado impartiranse por ciclos escolares durante os meses de outubro e novembro.

## **6. CONSULTA E PARTICIPACIÓN**

Para o curso 2019/2020 poranse a disposición dos socios diferentes canais de comunicación:

- páxina web do centro, sección anpa
- correo electrónico da anpa
- buzón da anpa, no centro escolar
- páxina de facebook con posibilidades de comunicación vía messenger
- atención presencial no local da anpa previa cita

Durante este curso está previsto convocar asembleas trimestrais para fomentar a participación das familias nas decisións a adoptar pola asociación.

Esta asociación ten ademais representación directa no Consello Escolar, no que xa se fixeron diversas peticións relacionadas con melloras do centro, solicitude de programas específicos, etc.

Temos previsto retomar coa Dirección e Claustro do centro reunións periódicas co fin de mellorar a comunicación das actividades desenvolvidas polo centro ás familias, a través da anpa, e para colaborar e participar na toma de decisións.

## **7. ESPAZOS E RECURSOS**

Para poder desenvolver as actividades previstas, solicítouse á dirección do centro a utilización dos seguintes espazos:

- salón de actos
- aula de informática
- patio cuberto
- aula de psicomotricidade
- ximnasio
- aulas para clases presenciais

Os recursos económicos dispoñibles proceden dos ingresos por cuotas de socios, que este curso está fixada en 15 euros por familia para o CEIP Seixalbo e 10 euros por familia para as escolas unitarias, e das subvencións que se reciban dos diferentes organismos oficiais, fundamentalmente concellos.

## **8. SEGURO COMPLEMENTARIO DE ACCIDENTES**

Este curso ofrécese ás familias asociadas un seguro complementario e voluntario de accidentes, cunha cota de 8,5€ anuais por neno/a, para un mínimo de 40 asegurados.

Finalizado setembro, anulouse a opción do seguro de accidentes por non acadar o mínimo de 40 asegurados que esixía a aseguradora.



**ANEXO: ORZAMENTO 2019/2020**

	Epígrafes	Gastos
<b>1</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	
	1. Actividades PXA	<b>7.609,40 €</b>
	a) Convivencias	150,00 €
	b) Semana da Familia	550,00 €
	c) Festa fin de Curso	1.200,00 €
	d) Horta escolar	400,00 €
	e) Monitoras	800,00 €
	f) Programa Secretaría Xeral de Igualdade	3.359,40 €
	g) Pazolandia	300,00 €
	h) Andainas	400,00 €
	i) Actividades en familia	450,00 €
	2. Materiais diversos	400,00 €
	3. Outras Actividades	350,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>8.359,40 €</b>

<b>2</b>	<b>ADMINISTRACIÓN E GASTOS XERAIS</b>	
	Comisións e gastos financeiros	150,00 €
	Servizos de Asesoría e Xestoría	200,00 €
	Cota FAPA	95,55 €
	Taxas xestións administrativas (Cambio directiva, Certif. Dixital)	50,00 €
	Outros gastos	245,14 €
	<b>TOTAL</b>	<b>740,69 €</b>
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>9.100,09 €</b>

	Epígrafes	Ingresos
<b>1</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	
	1. Ingresos da entidade pola actividade propia:	<b>6.738,87 €</b>
	a) Cotas de socias/os 2019	990,00 €
	b) Subvencións públicas concedidas (C.Ourense)	889,47 €
	c) Subvencións públicas concedidas (C. San Cibrao)	1.500,00 €
	d) Subvención Secretaría Xeral Igualdade	3.359,40 €
	2. Ingresos extraescolares	
<b>2</b>	<b>OUTROS INGRESOS</b>	
	a) Outros ingresos	<b>300,00 €</b>
	b) Ingresos financeiros	- €
	c) Saldo a 01/09/2019	<b>2.061,22 €</b>
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>9.100,09</b>

<b>SALDO (INGRESOS - GASTOS)</b>	<b>- €</b>
----------------------------------	------------